

Levaba correndo máis de vinte minutos, sen parar nin sequera unha vez para recuperar forzas. Vinte minutos dunha soa tirada e a boa marcha, coma un atleta dos de verdade. Axudolle o exercicio de concentración: fixar un obxectivo (fuxir dos imbéciles que o perseguían), confiar nas súas posibilidades (as carreiras da escola, os notables en educación física, o *footing* dos sábados do verán co seu pai na vila) e unha meta real (chegar como mínimo á rotonda que hai á saída da vila, desde onde se colle o carril para acceder á autoestrada). O exercicio, máis ou menos inconsciente, resultou ser un éxito: xa non vía os perseguidores, as pernas resistían bastante ben o ritmo da carreira, respiraba con facilidade, aínda que tiña un pouco de flato, e deixara atrás a rotonda e avanzaba,

campo a través, por unha especie de atallo paralelo á estrada nacional.

Logo de vinte minutos de carreira, no medio dun campo cuberto polo vermello das papoulas, detívose por primeira vez e virouse para comprobar que non o seguían. Ao seu arredor non se vía unha alma.

Daquela, arqueando, axeonllouse no chan e refregou os ollos e mais a fronte. Suaba. Asaltábao unha rabia que non podía controlar contra aqueles mal nacidos. Na praza da vila abandonara a mochila na que levaba, ademais dos libros, o móbil. E sen o móbil non podía avisar a ninguén. Preocupáballe o que poderían facer Patricia e Rafa, testemuñas do encontrón coa banda do Birollo, despois da súa fuga desesperada, cando todos aqueles canallas se puxeron de acordo para cazalo. Vai ti saber se Patricia e mais Rafa volveran ao instituto para alertar os profes, ou foran á súa casa para avisar a súa nai do que estaba a pasar. Preguntábase, no fin de contas, se alguén daría conseguido deter o propósito daqueles idiotas. Se estaba a salvo. Se podía retroceder e volver á casa sen medo.

De crequenas, resollando despois da carreira, tiña a obriga de se concentrar outra vez e decidir o que facer a partir de agora. Sentou no chan, sen pensar se luxaría os pantalóns, e levou as mans á cabeza. Non, non debía chorar. Agora non tocaba chorar. Cumpría concentrarse e buscar unha solución. E facelo só, sen lle preguntar a ninguén, sen chamar por teléfono a ninguén, sen saber nada.

Pero daquela escoitou o estrépito do motor das motos que se estaban achegando.

Viñan dúas, a de Quim e a do Birollo. Probablemente eran eles mesmos os que as conducían. O Birollo seguro: el nunca lle deixaría a ninguén a súa Aprilia RS. A Derbi Senda de Quim podía ser que a conducise alguén que non fose el, por exemplo Román, que nunca se separaba do Birollo, ou mesmo Lolo.

Non perdeu tempo en descubrir a identidade do segundo motorista, porque enseguida se incorporou e comezou a correr de novo, agora campo a través, afastándose da estrada. A persecución fixérase menos equilibrada e máis perigosa: xa non era un contra catro a pé, senón un a pé contra dous

motorizados, e aí tiña as de perder. Aos frenéticos motores das motos e ao derrape das rodas, engadíaselles o balbordo daqueles dous desapiadados perseguidores, que emitían exclamacións de vitoria e insultos groseiros que non deixaban dúbida ningunha sobre as intencións que levaban. Tampouco había tempo para valorar a repercusión do que habería de pasar se o pillaban: era preciso correr para evitar as consecuencias dun posible enfrontamento cara a cara.

Mantendo o ritmo da carreira, coas espigas do trigo a media perna, tropezando seguido cos fochos do terreo e coa visibilidade nubrada polo esforzo, a suor e o sufoco, lembrou a existencia da vella fábrica Can Serra, que non se debía de atopar moi lonxe. A construción medio en ruínas alzábase uns douscentos metros dentro do campo, xusto despois da rotonda. Se corría campo a través, acurtaría camiño: só había que orientar a carreira uns cantos graos á esquerda e seguir recto. A vella fábrica non representaba a salvación, por suposto, pero a carreira non podía continuar eternamente, coa desvantaxe de que el a estaba facendo a pé e os

outros dous en moto. En Can Serra, como mínimo, podíase acochar. Malia a esperanza que supuña aquel refuxio precario, a vella fábrica tiña un grave inconveniente. En calquera outra circunstancia, ese atranco sería insalvable, pero naquel momento mentres fuxía a fume de carozo dos seus perseguidores, non había nada que pensar nin nada que temer. Porque precisamente con medo e desconfianza se fomentaba o escollo insalvable que representaría a vella fábrica: Can Serra era o símbolo do medo para todas as xeracións de nenos e mozos que vivían ou viviran e medraran na vila.

Desde sempre, Can Serra, a vella fábrica abandonada, fora o fogar dos fantasmas, dos ogros, dos secuestradores de nenos, dos asasininos sanguinarios e sen escrúpulos que poboaban as lendas e os pesadelos dos habitantes máis inocentes da comarca. En Can Serra nacera Enfurruñado, un vello fedorento e deforme que de noite camiñaba pola vila e raptaba os nenos e mais as nenas que non durmían. Ata aquelas vellas ruínas ían parar os pequenos que se perdían no bosque, os que non volvían á casa despois de saíren buscar caracois ou cogomelos; Enfurruñado

tiñalles preparada unha comida noxenta que supostamente elaboraba cos corpos dos outros nenos que ata alí chegaran previamente. Enfurrñado dispuña dun conxelador de tamaño industrial onde se conservaban, baixo cero, os nenos e as nenas que non crían aos seus pais, os nenos e as nenas que facían enfadar ás súas familias, os que non respectaban aos seus profesores. Conxelados, coas faccións cristalizadas, repousaban os que non chegaban á casa á hora convida. Os rateiros, os cridos, os mal educados. Tamén estaban os que non remataban a comida do prato que a súa nai lles puña na mesa, os que non paraban de facer falcatruadas. Alí estaba o neno de Murcia que saíra no telexornal e ao que os seus pais buscaban desesperadamente por toda España; e a nena holandesa desaparecida do chalé que os seus avós alugaran na montaña para pasar o verán. Todos os nenos e nenas imprudentes estaban en Can Serra, conxelados, a piques de se converteren en pratos que Enfurrñado condimentaba para as visitas de máis nenos e nenas imprudentes que acudían a visitalo e aos que tamén conxelaba unha vez que degustaban as macabras exquisiteces da súa cociña caníbal.

Antes de Enfurrñado, explicaban as avoas, en Can Serra vivira un maqui sen cabeza: unha especie de bandoleiro fantasma de cando a guerra, armado cunha escopeta, pero sen cabeza. Dicíase que era o espírito dun vello soldado da República ao que decapitaran os nacionais unha vez capturado e que volvera á vida, incompleto, pero preparado para levar a cabo a súa vinganza implacable sobre todos aqueles que aplaudiran a vitoria de Franco e dos fascistas, que, segundo as avoas, foran, xa fose por vontade ou por imposición, a inmensa maioría. O fantasma decapitado atemorizaba todos os nenos e nenas da posguerra, descendentes daqueles que non puideran evitar a súa morte nin a dos seus familiares.

Despois de Enfurrñado, Can Serra estivo habitado por unha lexión de xitanos sen alma que secuestraban nenos e nenas e os ataban con cadeas a uns postes da antiga fábrica e os alimentaban con refugalllos, antes de os converteren en penso para cebar os seus animais. Os xitanos tiñan a facultade de ser invisibles durante o día, pero pola noite transformábanse en seres de carne e óso, momento que

aproveitaban para capturar os rapaces. Moita xente vira as fogueiras que facían fóra, de noite, e onde asaban as vacas e os porcos que engordaran a base de corpos infantís.

Nos últimos tempos, Can Serra estaba ocupada por borrachos, drogadictos, violadores, asasinados en serie e toda clase de personaxes sinistros que facían que ningún neno e ningunha nena se achegasen á antiga fábrica. Era un lugar de difícil acceso e quedaba afastado do centro da vila, factor que dificultaba xa de seu a intromisión de curiosos. No entanto, algúns, cando xa non tiñan nin oito nin dez anos, senón máis ben trece ou catorce, aproveitando unha excursión en bici; ou algúns máis vellos, volvendo en coche da discoteca, aventurábanse a se deter preto das ruínas, mesmo se achegaban a tocar as paredes ou a espiar por detrás das xanelas sen cristal, pero eran moi poucos os que sen cumpriren os vinte se atrevían a cruzar o marco sen porta da entrada. Os que o facían, mozos de vinte e poucos anos, contaban que non atoparan nada nin ninguén, ou talvez si, se cadra un indixente que fixera unha fogueira, ou un par



de ionquis picándose ou unha vella bébeda que facía as súas necesidades nunha esquina. Pero en canto estes mozos intrépidos se facían maiores e empezaban a ter fillos e sobriños, Can Serra volvía ser unha especie de sucursal do inferno onde se cometían os crimes máis escabrosos e onde vivía xente malvada e enferma que perdera o Norte.

A fusión de todas aquelas imaxes de terror infantil pasaron de seguro pola súa cabeza no momento en que viu, ao lonxe, a silueta da fábrica. Estaba terriblemente canso e as pernas xa non respondían ao impulso de fuxir. Custáballe respirar, o flato persistía e doíalle o costado, polo que necesitaba parar e recuperar forzas. Debía entrar en Can Serra e acocharse. El xa tiña quince anos e non o asustaba atopar unha banda de romaneses vivindo na miseria, ou un vello exasperado ou un ionqui ansioso. Can Serra, naquelas circunstancias, era un refuxio, e non unha trampa. Ademais, agora que xa saltara o valado medio derruído de medio metro de altura que delimitaba o perímetro da antiga fábrica, pensaba en como reaccionarían os perseguidores das motos cando descubrisen que entrara en

Can Serra, como xulgarían a súa valentía, a súa atrevida actitude, iso que, aínda que só en aparencia, o empuxaba a entrar nas ruínas alleo por completo ao medo. Atreveríanse a imitalo? Dubidarían á hora de abandonar as motos e penetrar no escenario dos pesadelos da súa infancia?

Aínda había luz do día. A claridade, o sol que aínda non se puxera, o son tranquilizador do fru fru das follas nas pólas axitadas polo vento... todo iso, xunto co desexo imperioso de se acochar e descansar, fixo que entrase directamente na antiga fábrica pola porta principal, que xa non existía, e se metese, aínda correndo, no seu interior. Alí reinaba a penumbra e un desagradable cheiro embebíao todo. A luz da tarde entraba polas grandes fiestras sen cristal e grazas a ela puido descubrir as pintadas que había nas paredes, os restos dunha fogueira e unha morea de latas de cervexa baleiras que se acumulaban nun recanto. Aquel espazo debera ser noutrora o vestíbulo de entrada, pero agora non era nada, senón unha estancia ampla e de teito alto, sucia e noxenta, carente de calquera presenza que puidese amedrentalo. Non podía ficar alí, por suposto, pois

se os outros se atrevían a entrar, atoparíano enseguida. Debía continuar e traspasar unha das catro aberturas que se abrían en cada unha das paredes daquela enorme sala. Por intuición escolleu a da dereita. Só había unha xanela no novo espazo que pisaba, unha xanela pequena cuberta cunha tea avermellada, que semellaba unha cortina. Quen cravara, con catro chinchetas, aquela tea sobre o marco de madeira comesta da vella xanela? Alguén que aínda habitaba no casarón? Alguén que vivía alí e que se cadra puidese saír de súpeto e asustalo máis do que xa estaba?

Escoitou nitidamente o motor das motos que chegaran ao muro que servía de límite. Parou e aguzou o oído, pero non puido oír o que dicían os motoristas, no caso de que estivesen a falar. Aínda detendo as motos, seguían co motor en marcha, e continuaban dando gas desde o acelerador, sen pausa. Valorou a situación apoiando as costas contra a parede do cuarto da cortina. Aos poucos, exhausto, deixouse caer ao chan. Os motores seguían acesos. O máis probable era que entre os seus perseguidores xurdise a dúbida sobre que facer.

Sentado de crequenhas, arqueando e coa fronte empapada en suor, esperaba a reacción dos outros coa esperanza de que en última instancia se botasen atrás e marchasen por onde viñeran. Unha vez na vila, de volta, alegrarían que lles escapara ou que o perderan. Daquela el esperaba aínda un pedazo, talvez ata que escurecese de todo, e axiña que se vise descansado, poríase a correr outra vez e entraría na vila polo sur, non fose ser que eses canallas o esperasen preto do instituto, alí onde se iniciara a pelexa.

Pero os motores pararon, e o seu esgotado corazón volveu latexar a cen por hora. Sen o ruído das motos puido escoitar a algarabía:

—Eh, ti, imbécil!, xa te temos!, xa te pillamos, tío!

O que berraba era o Birollo. Imaxinou que o facía desde o alto do valado, momentos antes de saltar. Escapoulle a risa: o moi macho nin tan sequera era quen de saltar o muro para acceder á casa!

—Sae! —berrou Román. Agora si que xa recoñecía o que acompañaba o Birollo. Vai ser mellor que saias ti e non teñamos que entrar nós, imbécil!

«Si, si, de seguro que para vós é mellor, covardes, máis que covardes!» pensou, aínda co sorriso nos beizos. A continuación escoitou o impacto de dous golpes contra o chan: Por fin atrevéranse a saltar! Agora só faltaba que se atrevesen a entrar.

—Non nolo fagas repetir, paspán! Sae dunha vez se non queres recibir unha boa! —berrou Román.

«Ídesmeter que esperar sentados» pensou el. Polo ton de voz de Román soubo que estaban fóra, que lle falaban desde o exterior. Escoitou como conversaban ou discutían en voz baixa e imaxinou que buscaban excusas para non teren que entrar naquel espazo tan inhóspito. Percibiu uns pasos por fóra, coma se bordeasen a fachada. Cinco segundos despois viu, a través da cortina vermella, como pasaban as dúas sombras por diante do cuarto no que estaba acochado.

—É mellor que saias, imbécil! —insistía o Biorollo—. É mellor que saias!

Pero el non se moveu.

—Teremos que entrar —oíu como falaba Román.

As dúas cabezas estaban diante da cortina. De súpeto tivo un presentimento, coouse a fume de carozo e a gatas pola porta que tiña diante. Nese mesmo momento, un dos dous perseguidores arreou unha puñada contra a cortina vermella e desenganchouna pola parte de arriba.

—Estás aquí mal nacido? Queres facer o favor de saír, pallaso?

Salvouse polos pelos! O Birollo gritara mentres se asomaba pola xanela. Se non se tivese acochado, descubriríanalo alí mesmo, sentado no chan. Suspirou. Meteuse nun cuarto completamente escuro, que non tiña abertura ningunha. Malia a penumbra, moi preto da parede distinguiu o inicio dunhas escaleiras. Camiñou por enriba do lixo ata a parede da que saían os chanzos. Botellas de plástico baleiras, envases de tetrabrik engurrados, follas de xornal, cabichas de cigarro, bolsas de plástico... Camiñaba con medo de pisar un excremento, ou un animal morto, por exemplo unha rata, aínda que mellor morta ca viva, pensou ao instante. Ao chegar á parede contraria descubriu que non só había unha escaleira que ascendía, senón que, xunto

a ela, había outra que ía cara abaixo. Unha que sobe ao piso de arriba, empezou a rumiar, e outra que descende ao de abaixo, talvez un soto ou un almacén. Quedou un momento quieto, inmóbil, coas costas contra a parede, unha escaleira á dereita e outra á esquerda, atento aos movementos que puidesen facer os que o seguían. Os seus ollos íanse afacendo á escuridade, e deste xeito, distraído, puido ler dúas palabras na parede onde esperaba. Alguén as escribira cun spray de graffiteiro, pero sen ningunha graza. Só dúas palabras e dúas frechas: «Paraíso» e unha frecha que apuntaba á escaleira que subía, e «Inferno», cunha frecha que apuntaba á que baixaba. Un dilema, pensou, e entráronlle ganas de rir. Os valentes das motos non eran quen de entrar, iso quedaba claro. Non oía ruído ningún, paso ningún, salto ningún: os das motos estaban máis cagados de medo ca el.

Paraíso ou inferno. Tiña que decidir por cal das dúas escaleiras se aventuraría no caso de que entrasen.

—Pillámoste, idiota! Non fagas que se nos acabe a paciencia! —escoitou que berraba o

Birollo, seguro que aínda fóra, asomándose pola xanela da cortina.

Tivo claro que, en caso de emerxencia, el elixiría subir ao «Paraíso». O Inferno, o soto, habería de ser unha rateira, unha trampa. Se onde se atopaba agora xa estaba cheo de roña, o soto debería ser moito peor. Ademais era consciente de que o Paraíso tampouco presaxiaba nada bo e que estaría tan cheo de merda coma a habitación que agora pisaba, pero alí, polo menos, debería de haber xanelas e, en última instancia, podería saltar, caer sobre unhas matogueiras e fuxir. Pero nese preciso instante, sentiu o impacto duns pés contra o chan e a voz do Birollo.

—Xa estamos dentro! Xa non escapas!

Sen perder un segundo, empezou a subir os chanzos rumbo ao paraíso.